



## PROXECTO “EXPRESS-ARTE”

**Express-Arte** é un proxecto gratuito de ocio comunitario deseñado polos Servizos Sociais Municipais do Concello de Riveira para as familias usuarias do Programa de Educación Familiar. Ten unha duración de oito meses, dende marzo ata outubro de 2019.

**Os obxectivos** principais deste proxecto son:

- Desenvolver o potencial creativo e expresivo da poboación adolescente mediante o achegamento ás diferentes técnicas artísticas.
- Educar ás familias para un emprego saudable do tempo de ocio na compañía das súas fillas e fillos, a través da realización de actividades lúdicas conxuntas que fomenten o estreitamento dos lazos afectivos.

### **Poboación destinataria:**

Familias empadroadas no Concello de Riveira con menores ao cargo, de idades comprendidas entre 3 e 18 anos.

Por ser un proxecto complementario ao Programa de Educación Familiar (PEF), **é necesario darse de alta no PEF**. Para elo, as familias interesadas, terán que solicitar cita nos Servizos Sociais Municipais para manter entrevista coa educadora social, responsable do PEF, co obxecto de valorar a pertinencia da súa inclusión no programa.

Para máis información sobre o PEF pincha no seguinte [enlace](#).

Express-Arte desenvólvese a través de **dous tipos de accións** coordinadas:

### **1. Obradoiros de expresión artística**

- **Onde?** Na primeira planta do Edificio do Mercado Municipal.
- **Cando?** Os xoves de 17 a 20h. Dende marzo ata outubro. 24 sesións:
  - Marzo: 21, 28
  - Abril: 4, 11, 25
  - Maio: 2, 9, 16, 23, 30
  - Xuño: 6, 13, 20, 27
  - Xullo: 4, 11, 18 (*dependendo da dispoñibilidade, pódese cambiar a horario de mañá. Nese caso avisarase ás familias*).
  - Agosto: non se imparten talleres.
  - Setembro: 5, 19, 26
  - Otubro: 3, 10, 17, 24
- **Para quenes?** Para rapazas e rapaces de entre **11 e 18 anos**. Non é necesario ter ningún coñecemento artístico, só é preciso ter gañas de pasalo ben e facer novas amizades. Neste espazo, poñerase a disposición das/os adolescentes diversos materiais plásticos para que a través de diferentes dinámicas e técnicas vaian descubrindo novas formas de expresarse.

Os obradoiros de expresión artística nacen dun concepto innovador que nada ten que ver coas clases de manualidades e de plástica do colexio. Ofrecémosche un espazo para que poidas “**express-arte**” libremente, polo que a mellor forma de coñecelo é acudindo. Alí poderás:

- ✓ **Probar o primeiro día** e logo decidir se queres continuar.
- ✓ **Pasar un bo rato en compañía** doutras rapazas e rapaces da túa idade.
- ✓ Descubrir os **teus talentos** e crear as túas **propias obras artísticas**.
- ✓ **Escoitar a música** que ti decidas.
- ✓ Propoñer temas que che interesen e **expresar libremente as túas ideas**.

## **2. Actividades de ocio en familia**

Consistirán nunha saída ao mes, preferentemente en **sábado**, para a realización dunha actividade de ocio co grupo de **menores que acudan aos obradoiros, en compañía das súas irmás e irmáns, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, e dunha persoa adulta da súa familia**.

Tamén poderán acceder a esta actividade outras familias do Programa de Educación Familiar con menores de idades comprendidas entre os **3 e os 18 anos**, ata que se agote o límite de prazas (*variable en función da actividade*).

**AVISO IMPORTANTE:** Este proxecto, ao estar subvencionado pola administración ao 100%, será **gratuito para as familias**. É por isto que unha vez realizada a inscrición **esíxese compromiso de asistencia**. No caso de non poder acudir, haberá que darse baixa nos servizos sociais, con antelación suficiente para que se poida avisar a outra familia.

Cada mes, a educadora social, responsable do proxecto, avisará ás familias usuarias de EXPRESS-ARTE da actividade de ocio programada e do procedemento para inscribirse.

Para máis información sobre o proxecto, solicitar cita coa educadora social, presencialmente ou por teléfono, no departamento de Servizos Sociais – Praza 8 de Marzo s/n. Teléfonos: **981377513** ou **981874131** (de 8h a 15h). Email: **educadora@riveira.com**

Este programa está cofinanciado polo Concello de Riveira, o Fondo Social Europeo (FSE) 2014-2020, enmarcándose no Programa Operativo do FSE Galicia 2014-2020 “O FSE inviste no teu futuro”, no seu obxectivo 9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación”, e tamén pola Consellería de Política Social, a través das ordes de convocatoria anuais ou bianuais destinadas a programas de inclusión social a desenvolver polas corporacións locais.